

# TEMA 9.- A GUERRA FRÍA

(páx. 228 – 249 do libro)



## 1. CONCEPTO

“Coñécese como Guerra Fría o estado de tensión permanente que caracterizou as relacións internacionais entre 1947 e 1991. Durante ese período o mundo dividiuse en dous bloques antagónicos, cada un encabezado por unha das dúas superpotencia: EE.UU. e a URSS”

## 2. ORIXE

A orixe da Guerra Fría sitúase tralo final da 2ª Guerra Mundial, momento no cal comezan a configurarse os dous grandes bloques nos que se dividirá o mundo ao longo da segunda metade do s. XX: *democrático – capitalista* fronte a *totalitario – marxista*.

O británico *W. Churchill* foi o primeiro en falar de “*cortina de aceiro*” nun discurso que deu nunha universidade estadounidense no ano 1946.



Na páx. 230 está o texto co discurso e pulsando na fotografía debería abrirse o vídeo en YouTube.

## RESPONDE:

1. Observa o mapa e contesta. A que se refería *Churchill* co concepto de “*cortina de aceiro*”?
2. Que países estaban baixo o que *Churchill* denomina como a esfera soviética?

### 3. CARACTERÍSTICAS

No libro de texto (páx. 231) recóllense ata sete características básicas do período da Guerra Fría: *sistema bipolar, carreira de armamentos, áreas de influencia, persuasión – propaganda, “bordo do abismo”, conflitos de baixa intensidade e servizos secretos.*



Vídeo de EducaPlay sobre a Guerra Fría

#### ELABORA:

3. Fai un esquema no que expliques, de xeito sintético, eses sete trazos básicos da Guerra Fría.

### 4. OS BLOQUES

EEUU liderou o denominado bloque *occidental – capitalista* e a URSS, pola súa banda, o *oriental – comunista*. Para facer efectivo este dominio, ambas potencias foron establecendo plans, pactos e organizacións internacionais que tiñan por obxecto establecer alianzas cos distintos países dos respectivos bloques ao tempo que aseguraban o seu dominio.

#### COMPLETA:


4. Recolle nun cadro como o seguinte, os distintos mecanismos creados durante a Guerra Fría en ambos bloques en función dos seus obxectivos (*OTAN, COMECOM, etc*):

	Económicos	Político - militares
<i>Bloque occidental (EEUU)</i>		
<i>Bloque oriental (URSS)</i>		

## 5. AS FASES E OS CONFLITOS DA GUERRA FRÍA

O período da Guerra Fría divídese en distintas etapas atendendo ao grao de tensión que houbo entre as dúas superpotencias. O libro de texto establece catro etapas diferenciadas: *inicio da Guerra Fría (1947 – 1953)*; *coexistencia pacífica (1953 – 1962)*; *a distensión (1963 – 1973)*; *rebrote e final da Guerra Fría (1973 – 1991)*.

Porén, ao longo destas etapas producíronse conflitos en distintas partes do mundo que apiques estiveron de ocasionar un enfrontamento directo entre os EEUU e a URSS. Algúns dos máis importantes aparecen recollidos na seguinte liña do tempo:



### SINETIZA:


5. A partir da información do libro, redacta un breve resumo dos seguintes conflitos da Guerra Fría no que inclúas a orixe, as causas e as consecuencias dos mesmos:

- O BLOQUEO DE BERLÍN (1948 – 49):
- A GUERRA DE COREA (1950 – 53):
- A CRISE DOS MÍSILES DE CUBA (1962):
- A GUERRA DE VIETNAM (1955 – 1975):

## 6. O FINAL DA GUERRA FRÍA

A partir dos anos 80 do século pasado o modelo soviético iniciou unha fase de dificultades (rivalidade cos EEUU, problemas económicos, nacionalismo interno...) que levaron ao seu líder, *Mikhail Gorbachev*, á posta en práctica dunha serie de reformas coñecidas como a *perestroika* e o *glásnost* que en boa medida explican a posterior desintegración da URSS no ano 1991.

Ademais destas reformas internas na URSS, no bloque comunista producíronse outros sucesos de gran importancia que explican o final da Guerra Fría como poden ser a Caída do Muro de Berlín (1989) ou a transición cara a democracia nos países de Europa do Leste (Checoslovaquia, Polonia, Hungría...).



*Vídeo explicativo da BBC sobre a orixe e o final do Muro de Berlín (Ctrl + Clic)*

### **VISUALIZA O VÍDEO E RESPONDE:**

**6. Cal é a orixe da construción do Muro de Berlín en 1961?**

**7. Que cambios se produciron en Alemaña Oriental (RDA) e dentro do bloque comunista que explican o derribo do Muro de Berlín e a reunificación alemá?**

## 7. UNHA NOVA GUERRA FRÍA

Un ano despois do 30 aniversario da caída do Muro de Berlín e a un ano vista de outros 30 anos da desintegración da URSS, aínda e habitual oír falar nos medios de comunicación de Guerra Fría. Porén, semella que os protagonistas non son os mesmos e que as súas motivacións tamén mudaron.

**Guerra fría, imperialismo, telón de acero**  
Se ha abierto una fase de desglobalización, con consecuencias imprevisibles

f t e



Las delegaciones de EE.UU. y China durante la cumbre del G20 en Buenos Aires, en diciembre de 2018. SAUL LOEB (AFP/GETTY IMAGES)

Enlace: [https://elpais.com/elpais/2019/05/24/ideas/1558695106\\_605025.html](https://elpais.com/elpais/2019/05/24/ideas/1558695106_605025.html)

### LE O ARTIGO E RESPONDE:

8. Que países protagonizan este novo enfrontamento? Cales son as causas e os seus obxectivos?

9. Explica os conceptos de neoimperialismo e desglobalización que se mencionan no texto.

### REFLEXIONA:

10. Como consideras que pode afectar a crise que estamos vivindo ás relacións entre a China e os EEUU? Como cres que será o mundo post-coronavirus?

EMERGENCIA SANITARIA

**Donald Trump atiza la ira contra China por la pandemia**

f t e 30

• El líder de EE.UU. retoma la campaña y acusa a Pekín de provocar la crisis de la Covid-19

